

# PROGRAMACIÓN LOOIFP

## Versión Alumnado

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	IES Chan do Monte	Marín	2025/2026

### Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao		
Graos D: Ciclos formativos	D2ADG000100 - Xestión administrativa	A		
Módulo				
MP1708 - Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo (1º)				
Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo	
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A	
Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro
1	30	50	36	36

### Profesorado responsable

Docentes
Rios Pereiro, Susana

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
Relación e secuencia de unidades didácticas	3
Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	3
Procedemento de avaliación inicial.	13
Criterios de cualificación e recuperación	13
Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	14
Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	15
Programación da educación en valores.	15
Actividades complementarias e extraescolares.	15
Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	15
Outros apartados.	15

## Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O I.E.S. Chan do Monte está situado na parroquia de Mogor (San Xurxo) pertencente ao concello de Marín. O instituto aséntase na periferia do centro urbano do concello de Marín, apenas a un quilómetro de distancia do centro da vila, e a escasos metros da estrada de Marín a Bueu. No entorno do IES a cohesión social caracterízase pola estreita interrelación o mar e as actividades económicas derivadas: pesqueiras, loxística portuaria, industria conserveira e auxiliar así coma o reclamo turístico das súas praias. O módulo de Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo que atende á crecente necesidade de integrar prácticas sostibles nos sectores produtivos, terá como finalidade prepara ao alumnado de Formación Profesional para un mercado laboral que está a sufrir un importante proceso de transformación. Xa que as existencias da transición ecolóxica modifican os procesos produtivos do sector correspondente, sendo o seu currículo básico para a adquisición de competencias en sustentabilidade. Ao asumir os principios e valores da sustentabilidade, os futuros profesionais serán axentes activos no proceso de transformación dos sistemas produtivos cara modelos máis resilientes e respectuosos co medio ambiente, economicamente viables e socialmente comprometidos. En conclusión, os estudantes de Formación Profesional estarán equipados coas habilidades e coñecementos necesarios para innovar e liderar o proceso de transformación para facer fronte aos actuais desafíos ambientais, económicos e sociais nun contexto de transición ecolóxica en liña, ademais, cos retos que supoñen os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

## Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	O noso futuro en perigo.	A emerxencia ambiental. A natureza esgotada. Deixando pegadas. A emerxencia social. A desigualdade social.	17	6
2	Retos da sustentabilidade. Un compromiso global.	A sustentabilidade e o desenvolvemento. A por un mundo máis sostible. A produción e o desenvolvemento sostible. O compromiso empresarial.	17	6
3	Axenda 2030: guía para o cambio.	cambio. A Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, metas e indicadores. Os axentes implicados na Axenda 2030. A contribución das empresas ao logro dos ODS. O avance na consecución dos ODS.	17	6
4	Da economía lineal á circular.	A economía lineal: éxito do pasado, fracaso do futuro. A revolución da economía circular. Os actores da economía circular. A transición empresarial cara á economía circular. O ecodiseño.	17	6
5	Sustentabilidade nas empresas.	A integración da sustentabilidade na estratexia empresarial. Os desafíos na contorna profesional. Análise por sector produtivos	32	12

## Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	O noso futuro en perigo.	6

<b>Criterios de avaliación</b>
<b>RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais aos que se enfrenta a sociedade, describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar</b>
CA2.1 - Identificáronse os principais retos ambientais e sociais
CA2.2 - Relacionáronse os retos ambientais e sociais co desenvolvemento da actividade económica
CA2.3 - Analizouse o efecto dos impactos ambientais e sociais sobre as persoas e os sectores produtivos
<b>RA5 - Realiza actividades sostibles minimizando o impacto destas no ambiente</b>
CA5.4 - Avaliouse o impacto das actividades persoais e profesionais
CA5.6 - Aplicáronse estratexias sostibles

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC2 - Caracterización dos retos ambientais e sociais no desenvolvemento sustentable</b>
Principais retos ambientais e sociais: superpoboación, cambio climático, consumo de auga e materias primas, economía circular, deforestación, contaminación, enerxías renovables (hidróxeno verde, eólica, solar etc. ), descarbonización etc.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias co desenvolvemento da actividade económica.
<b>BC5 - Desenvolvemento de actividades ou produtos sustentables, minimizando o impacto destas no ambiente</b>
Valoración dos beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción.
Materialización dos principios de ecodeseño nas actividades ou nos produtos sustentables.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Retos da sustentabilidade. Un compromiso global.	6

<b>Criterios de avaliación</b>
<b>RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade, tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución</b>
CA1.1 - Describiuse o concepto de sostibilidade, establecendo os marcos e os acordos internacionais asociados ao desenvolvemento sostible

<b>Criterios de avaliación</b>
CA1.2 - Identificáronse os piares ambientais, sociais e de gobernanza que inflúen no desenvolvemento sostible das organizacións empresariais
CA1.4 - Analizouse a importancia de identificar os aspectos ASG máis relevantes para os grupos de interese das organizacións, relacionándoos cos riscos e coas oportunidades que supoñen para a propia organización
CA1.5 - Identificáronse os principais estándares de métricas para a avaliación do desempeño en sostibilidade, os seus indicadores e o seu papel, segundo a lexislación vixente e as futuras regulacións en desenvolvemento
CA1.6 - Describiuse o investimento socialmente responsable (ISR) e o papel que desempeñen os analistas financeiros e investidores
<b>RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais aos que se enfrenta a sociedade, describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar</b>
CA2.1 - Identificáronse os principais retos ambientais e sociais
CA2.2 - Relacionáronse os retos ambientais e sociais co desenvolvemento da actividade económica
CA2.3 - Analizouse o efecto dos impactos ambientais e sociais sobre as persoas e os sectores produtivos
CA2.4 - Identificáronse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos ambientais e sociais
CA2.5 - Analizouse a importancia de establecer alianzas e de traballar de maneira transversal e coordinada para abordar con éxito os retos ambientais e sociais, e lograr os Obxectivos de Desenvolvemento sostible
<b>RA5 - Realiza actividades sostibles minimizando o impacto destas no ambiente</b>
CA5.4 - Avaliouse o impacto das actividades persoais e profesionais
CA5.8 - Identificáronse os procesos de produción e os criterios de sostibilidade aplicados
CA5.9 - Aplicouse a normativa ambiental
<b>RA6 - Analiza un plan de sustentabilidade dunha empresa do sector, identificando os seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustificando accións para a súa xestión e a súa medición</b>
CA6.1 - Identificáronse os principais grupos de interese da empresa
CA6.2 - Analizáronse os aspectos ASG materiais, as expectativas dos grupos de interese e a importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais
CA6.3 - Definíronse accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
-----------------

Contidos
<b>BC1 - Identificación dos aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade</b>
Introdución ao concepto de sustentabilidade. Repercusión na economía globalizada.
Marcos e acordos internacionais da sustentabilidade.
Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable. Relevancia para a consecución da Axenda 2030.
Identificación dos aspectos sociais e de gobernanza (ASG) nas organizacións.
Principais estándares de medición da sustentabilidade. Indicadores. Lexislación vixente.
<b>BC2 - Caracterización dos retos ambientais e sociais no desenvolvemento sustentable</b>
Principais retos ambientais e sociais: superpoboación, cambio climático, consumo de auga e materias primas, economía circular, deforestación, contaminación, enerxías renovables (hidróxeno verde, eólica, solar etc. ), descarbonización etc.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias co desenvolvemento da actividade económica.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias sobre as persoas e os sectores produtivos
Medidas e métodos encamiñados a minimizar e/ou reducir os impactos ambientais e sociais.
Alianzas e sinerxías público-privadas para o logro dos ODS.
<b>BC5 - Desenvolvemento de actividades ou produtos sustentables, minimizando o impacto destas no ambiente</b>
Valoración dos beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción.
Apreciación do impacto das actividades persoais e profesionais.
Aplicación de estratexias sustentables.
<b>BC6 - Análise dun plan de sustentabilidade para unha organización empresarial do sector, con identificación dos seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustificación de accións para a súa xestión e medición</b>
Accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e a aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados.
Establecemento das métricas de avaliación acerca do desempeño da empresa tendo en conta os estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados.
Elaboración dun informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos.

UD	Título da UD	Duración
3	Axenda 2030: guía para o cambio.	6

Criterios de avaliación
<b>RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade, tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución</b>

<b>Criterios de avaliación</b>
CA1.3 - Relacionáronse os Obxectivos de Desenvolvemento sostible (ODS) coa súa importancia para a consecución da Axenda 2030
CA1.6 - Describiuse o investimento socialmente responsable (ISR) e o papel que desempeñen os analistas financeiros e investidores
<b>RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais aos que se enfrenta a sociedade, describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar</b>
CA2.2 - Relacionáronse os retos ambientais e sociais co desenvolvemento da actividade económica
CA2.3 - Analizouse o efecto dos impactos ambientais e sociais sobre as persoas e os sectores produtivos
CA2.4 - Identificáronse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos ambientais e sociais
CA2.5 - Analizouse a importancia de establecer alianzas e de traballar de maneira transversal e coordinada para abordar con éxito os retos ambientais e sociais, e lograr os Obxectivos de Desenvolvemento sostible
<b>RA3 - Establece a aplicación de criterios de sustentabilidade no desempeño profesional e persoal, identificando os elementos necesarios</b>
CA3.1 - Identificáronse os ODS máis relevantes para a actividade profesional que realizan
CA3.2 - Analizáronse os impactos reais e potenciais relacionados cos ODS
CA3.3 - Analizáronse as actitudes persoais na consecución dos ODS
CA3.4 - Identificáronse as prácticas sostibles no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS
<b>RA5 - Realiza actividades sostibles minimizando o impacto destas no ambiente</b>
CA5.4 - Avaliouse o impacto das actividades persoais e profesionais
<b>RA6 - Analiza un plan de sustentabilidade dunha empresa do sector, identificando os seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustificando accións para a súa xestión e a súa medición</b>
CA6.1 - Identificáronse os principais grupos de interese da empresa
CA6.2 - Analizáronse os aspectos ASG materiais, as expectativas dos grupos de interese e a importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais
CA6.3 - Definíronse accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados
CA6.4 - Determináronse as métricas de avaliación do desempeño da empresa de acordo cos estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
<b>BC1 - Identificación dos aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade</b>
Piases ambientais, sociais e de gobernanza transcendentales no desenvolvemento sustentable das organizacións.
Principais estándares de medición da sustentabilidade. Indicadores. Lexislación vixente.
<b>BC2 - Caracterización dos retos ambientais e sociais no desenvolvemento sustentable</b>
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias co desenvolvemento da actividade económica.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias sobre as persoas e os sectores produtivos
Medidas e métodos encamiñados a minimizar e/ou reducir os impactos ambientais e sociais.
Alianzas e sinerxías público-privadas para o logro dos ODS.
<b>BC3 - Aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e na contorna persoal</b>
Identificación dos aspectos de sustentabilidade e ODS máis salientables do sector produtivo correspondente.
Riscos, impactos reais e potenciais relacionados cos ODS.
Contribución das actitudes persoais na consecución dos ODS.
Adopción de prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS.
<b>BC5 - Desenvolvemento de actividades ou produtos sustentables, minimizando o impacto destas no ambiente</b>
Valoración dos beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción.
<b>BC6 - Análise dun plan de sustentabilidade para unha organización empresarial do sector, con identificación dos seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustificación de accións para a súa xestión e medición</b>
Identificación dos principais grupos de interese da empresa.
Accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e a aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados.
Establecemento das métricas de avaliación acerca do desempeño da empresa tendo en conta os estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados.
Elaboración dun informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos.

UD	Título da UD	Duración
4	Da economía lineal á circular.	6

Criterios de avaliación
<b>RA4 - Propón produtos e servizos responsables tendo en conta os principios da economía circular</b>
CA4.1 - Determináronse os modelos de produción e consumo actual

<b>Criterios de avaliación</b>
CA4.2 - Analizouse o ciclo de vida do produto
CA4.3 - Identificáronse os principios da economía verde e circular
CA4.4 - Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA4.5 - Aplicáronse principios de ecodeseño
CA4.6 - Identificáronse os procesos de produción e os criterios de sostibilidade aplicados
<b>RA5 - Realiza actividades sostibles minimizando o impacto destas no ambiente</b>
CA5.1 - Caracterizouse o modelo de produción e consumo actual
CA5.2 - Identificáronse os principios da economía verde e circular
CA5.3 - Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA5.4 - Avaliouse o impacto das actividades persoais e profesionais
CA5.5 - Aplicáronse principios de ecodeseño
CA5.6 - Aplicáronse estratexias sostibles
CA5.7 - Analizouse o ciclo de vida do produto
CA5.8 - Identificáronse os procesos de produción e os criterios de sostibilidade aplicados
<b>RA6 - Analiza un plan de sustentabilidade dunha empresa do sector, identificando os seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustificando accións para a súa xestión e a súa medición</b>
CA6.3 - Definíronse accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados
CA6.4 - Determináronse as métricas de avaliación do desempeño da empresa de acordo cos estándares de sostibilidade máis amplamente utilizados

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC4 - Planificación de produtos e servizos responsables tendo en conta a economía circular</b>
Características principais dos modelos de produción e consumo actual en produtos e servizos.

<b>Contidos</b>
Análise de sustentabilidade do ciclo de vida de produtos e servizos.
Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.
Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.
Produtos sustentables: ecodeseño.
Identificación dos procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados.
<b>BC5 - Desenvolvemento de actividades ou produtos sustentables, minimizando o impacto destas no ambiente</b>
Modelos de produción e consumo actual en diferentes actividades ou produtos sustentables.
Aplicación dos principios da economía verde e circular.
Valoración dos beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción.
Materialización dos principios de ecodeseño nas actividades ou nos produtos sustentables.
Aplicación de estratexias sustentables.
Análise das fases do ciclo de vida do produto.
Criterios de sustentabilidade aplicados nos procesos de produción.
Cumprimento de normativa ambiental.
<b>BC6 - Análise dun plan de sustentabilidade para unha organización empresarial do sector, con identificación dos seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustificación de accións para a súa xestión e medición</b>
Identificación dos principais grupos de interese da empresa.
Elaboración dun informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Sustentabilidade nas empresas.	12

<b>Criterios de avaliación</b>
<b>RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade, tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución</b>
CA1.2 - Identificáronse os piares ambientais, sociais e de gobernanza que inflúen no desenvolvemento sostible das organizacións empresariais
CA1.3 - Relacionáronse os Obxectivos de Desenvolvemento sostible (ODS) coa súa importancia para a consecución da Axenda 2030

<b>Criterios de avaliación</b>
CA1.4 - Analizouse a importancia de identificar os aspectos ASG máis relevantes para os grupos de interese das organizacións, relacionándoos cos riscos e coas oportunidades que supoñen para a propia organización
CA1.5 - Identificáronse os principais estándares de métricas para a avaliación do desempeño en sostibilidade, os seus indicadores e o seu papel, segundo a lexislación vixente e as futuras regulacións en desenvolvemento
CA1.6 - Describiuse o investimento socialmente responsable (ISR) e o papel que desempeñen os analistas financeiros e investidores
<b>RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais aos que se enfrenta a sociedade, describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar</b>
CA2.1 - Identificáronse os principais retos ambientais e sociais
CA2.2 - Relacionáronse os retos ambientais e sociais co desenvolvemento da actividade económica
CA2.3 - Analizouse o efecto dos impactos ambientais e sociais sobre as persoas e os sectores produtivos
CA2.4 - Identificáronse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos ambientais e sociais
CA2.5 - Analizouse a importancia de establecer alianzas e de traballar de maneira transversal e coordinada para abordar con éxito os retos ambientais e sociais, e lograr os Obxectivos de Desenvolvemento sostible
<b>RA4 - Propón produtos e servizos responsables tendo en conta os principios da economía circular</b>
CA4.4 - Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA4.5 - Aplicáronse principios de ecodeseño
CA4.6 - Identificáronse os procesos de produción e os criterios de sostibilidade aplicados
<b>RA6 - Analiza un plan de sustentabilidade dunha empresa do sector, identificando os seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustificando accións para a súa xestión e a súa medición</b>
CA6.1 - Identificáronse os principais grupos de interese da empresa
CA6.2 - Analizáronse os aspectos ASG materiais, as expectativas dos grupos de interese e a importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais
CA6.3 - Definíronse accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados
CA6.4 - Determináronse as métricas de avaliación do desempeño da empresa de acordo cos estándares de sostibilidade máis amplamente utilizados
CA6.5 - Elaborouse un informe de sostibilidade co plan e os indicadores propostos

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

<b>Contidos</b>
<b>BC1 - Identificación dos aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade</b>
Introdución ao concepto de sustentabilidade. Repercusión na economía globalizada.
Marcos e acordos internacionais da sustentabilidade.
Piases ambientais, sociais e de gobernanza transcendentales no desenvolvemento sustentable das organizacións.
Principais estándares de medición da sustentabilidade. Indicadores. Lexislación vixente.
Definición de investimento socialmente responsable (ISR): criterios éticos, ambientais e sociais. Tipos de ISR.
<b>BC2 - Caracterización dos retos ambientais e sociais no desenvolvemento sustentable</b>
Principais retos ambientais e sociais: superpoboación, cambio climático, consumo de auga e materias primas, economía circular, deforestación, contaminación, enerxías renovables (hidróxeno verde, eólica, solar etc. ), descarbonización etc.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias co desenvolvemento da actividade económica.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias sobre as persoas e os sectores produtivos
Medidas e métodos encamiñados a minimizar e/ou reducir os impactos ambientais e sociais.
Alianzas e sinerxías público-privadas para o logro dos ODS.
<b>BC3 - Aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e na contorna persoal</b>
Identificación dos aspectos de sustentabilidade e ODS máis salientables do sector produtivo correspondente.
Riscos, impactos reais e potenciais relacionados cos ODS.
Contribución das actitudes persoais na consecución dos ODS.
Adopción de prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS.
<b>BC4 - Planificación de produtos e servizos responsables tendo en conta a economía circular</b>
Características principais dos modelos de produción e consumo actual en produtos e servizos.
Análise de sustentabilidade do ciclo de vida de produtos e servizos.
Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.
Produtos sustentables: ecodeseño.
Identificación dos procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados.
<b>BC6 - Análise dun plan de sustentabilidade para unha organización empresarial do sector, con identificación dos seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustificación de accións para a súa xestión e medición</b>
Identificación dos principais grupos de interese da empresa.
Análise de todos os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza, das expectativas dos grupos de interese e da importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais.
Accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e a aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados.

<b>Contidos</b>
Establecemento das métricas de avaliación acerca do desempeño da empresa tendo en conta os estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados.
Elaboración dun informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos.

### **Procedemento de avaliación inicial.**

A avaliación inicial realizarase nas primeiras semanas do curso co obxectivo de coñecer o nivel de partida do alumnado e adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás súas necesidades. Recollerase información a través da revisión dos informes do curso anterior, observación directa e, se procede, mediante unha proba ou tarefa diagnóstica específica. O equipo docente reunirse para analizar os resultados que permitirán identificar fortalezas e dificultades individuais e de grupo, establecendo medidas de apoio, reforzo ou ampliación segundo as necesidades detectadas.

### **Criterios de cualificación e recuperación**

#### **Procedemento e criterios de cualificación:**

##### **MÍNIMOS EXIXIBLES**

A avaliación da aprendizaxe será continua a través das distintas probas teórico-prácticas e a realización de tarefas e entrega de traballos, simulación e outras que se consideren oportunas. Os mínimos exixibles están directamente relacionados cos criterios de avaliación que aparecen no currículo e se recollen nesta programación. Tódolos criterios de avaliación son mínimos exixibles.

##### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Para a superación do módulo ou avaliación parcial deberán estar superadas tódalas UD avaliadas ata o momento da realización da mesma, obtendo nestas un nota mínima de 5 puntos.

O alumno ou alumna obterá un 0 cando se comprobe que non actuou limpamente ao realizar as probas exercicios ou actividades porque copiara ou realizara condutas similares (permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, auriculares, chuletas,...(aínda que no sexan usados) ou participar en calquera actividades ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos).

##### **CUALIFICACIÓN POR UNIDADE DIDÁCTICA**

En cada unidade didáctica establécese o/os instrumentos de avaliación segundo os contidos da mesma e os resultados de aprendizaxe que se persigan. Se o instrumento é proba escrita fai referencia a un exame que poderá ser de resposta curta, cumprimentar, resposta longa, tipo test (con ou sen desconto de erros), exercicios, etc. Constarán expresamente os pesos de cada pregunta. De ser tipo test especificarase o que restan as respostas erróneas.

Se o instrumento é un traballo, suposto ou similar, tamén se indicará no enunciado do mesmo a súa ponderación así como as instrucións de presentación e outras premisas que se consideren para que a resolución teña éxito. O non cumprimento destas indicacións ou a resposta/ realización errónea ou non completa fará que a nota baixe en

proporción aos erros tal como se recolle na rúbrica de corrección ou instrucións precisas que se deron no enunciado. Así mesmo se o traballo se realiza en grupo e algunha das partes non participa activamente na elaboración ou non está o día da presentación será sancionado/a obtendo unha nota distinta aos seus compañeiros/as. Para elo poderase usar a observación se o traballo se fixo na clase ou polas preguntas que se poidan facer o día da defensa que indiquen que algún dos membros non coñece o contido do traballo, etc.

Para aprobar unha unidade didáctica haberá que obter unha nota mínima de 5 puntos (sumando a nota ponderada das actividades, probas e outros instrumentos que se utilicen). No caso de que exista proba escrita na unidade, deberá obterse nesta unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 para poder facer media ponderado co resto de instrumentos.

As ausencias inxustificadas ás devanditas probas e ou actividades, con levarán automaticamente un cero. Só se admitirá xustificación por motivos de saúde (enfermidade grave que impida fisicamente asistencia á realización do exame/actividade) ou deber inescusable debidamente documentado (citación xudicial inaprazable), valorado pola profesora.

Só se poderá superar a avaliación se ten aprobadas TODAS as unidades didácticas que a compoñen, segundo o establecido nos apartados anteriores. Cumprindo a premisa anterior, a nota da avaliación estará composta pola media ponderada das unidades didácticas completas vistas ato o momento da avaliación.

Se de esta suma se obtén unha cualificación cuxas décimas sexan iguais ou superiores a 5 efectuarase o redondeo por exceso de cara a obter a nota para o boletín xa que a normativa indica que esta terá carácter enteiro podendo ser de 1 a 10 puntos.

No caso de que algunha das unidades non estea superada a nota da avaliación parcial será inferior a 5 puntos.

A nota final será a media ponderada das avaliacións parciais.

### **Procedemento e criterios de recuperación**

O alumnado que non alcance o 5 nalgunha unidade didáctica terá que repetir a/as partes que non alcanzaron o mínimo para facer media. Se a parte non superada foi o exame terá dereito a unha recuperación antes da avaliación final e se foron os traballos / supostos tamén deberá volver a entregalos.

Na recuperación utilizaranse os mesmos criterios de cualificación que na proba ordinaria. Para axudar a superar estas partes non superadas a profesora poderá propor traballo de reforzo (exercicios, lecturas, actividades) para axudar a que a recuperación se realice con éxito.

### **Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado con materias pendentes do curso anterior disporá dun plan específico de seguimento e recuperación, elaborado polo departamento e comunicado a principio de curso. Este plan incluírá as actividades e tarefas de recuperación, os criterios de avaliación, os prazos de entrega e, se procede, as probas presenciais ou entregas periódicas. O profesorado responsable realizará un seguimento individualizado do progreso do alumnado, revisando o cumprimento das actividades propostas e ofrecendo orientacións de mellora. A avaliación das materias pendentes basearase na realización satisfactoria das actividades programadas e/ou na superación das probas establecidas.

### **Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua**

Dado que a ensinanza é presencial, requírese a asistencia do alumno a clase para aplicárselle a Avaliación Continua. Por iso os alumnos que teñan un total de faltas de asistencia non xustificadas ás aulas superior ó 10% do total do horario do módulo perderá o dereito a presentarse as probas parciais obxectivas de cada unidade.

Estes alumnos terán unha proba extraordinaria. Serán avaliados mediante unha proba extraordinaria de avaliación (proba de carácter obxectivo) sobre toda a programación do módulo. Para estes/as alumnos/as a nota final formarase unicamente coa nota desta proba obxectiva final e deberán obter unha nota de 5 ou superior para superar o módulo profesional. Esta proba extraordinaria de avaliación será previa a avaliación final de módulos correspondente.

### **Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.**

Atención personalizada na aula. Establecemento de tarefas extraordinarias con seguimento particular polo profesor. Medidas de adaptación curricular, cando sexan necesarias e segundo o establecido normativamente. Consistirán basicamente na atención personalizada na aula e no establecemento de tarefas complementarias con seguimento do profesor.

### **Programación da educación en valores.**

A educación en valores cívicos e profesionais esta presente en todas as unidades didácticas que forman o módulo coa finalidade de formar cidadáns e profesionais comprometidos cos valores dunha sociedade democrática.

### **Actividades complementarias e extraescolares.**

Aterase as actividades acordadas no Departamento e remitidas a CCP.

### **Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.**

Mensualmente realizarase unha valoración da evolución da programación. o final de ano realizarase unha valoración global. O final do curso académico realizarase unha enquisa entre o alumnado para valorar a práctica docente.

### **Outros apartados.**